

ACORDO ENTRE FILÓLOGOS, PALEÓGRAFOS E HISTORIADORES

O Correo Galego / Lecer
Domingo, 19 de marzo de 1995

Como galego da diáspora —non desexada— escribinlle ó diario *ABC* unha carta, que foi publicada máis ou menos ó mes do seu envío, mutilada, penso, ó gusto do seu director, na que lle expuña algunhas consideracións acerca dunha carta dun lector publicada alí o 20-01-95, baixo o título *A Coruña*. Nela suprimíronse frases, penso que claves, que non tiñan ningunha intención de atentar á dignidade, parcialidade, etc. de calquera persoa física ou xurídica, tocantes a posturas sobre o tema, baseadas en informes «técnicos» —mellor políticos— dictados pola divisa da cidade de París. Así mesmo referíame a certas frases, como «el respaldo mayoritario de los coruñeses» e «encerrarse en el 'hórreo' de la aldea», para defender o topónimo La Coruña fronte a A Coruña, a que en temas de Gramática Histórica —ou de calquera outra especialidade na que teña parte a palabra «historia» e os seus derivados, de cando en vez de túrpase a realidade e o pasado para obter rendibilidade política. (¡Os erros da normalización lingüística son ás veces conscientes!).

O remate da carta dicía: «Muchos problemas que enfrentan a políticos, que extienden sus disputas a los ciudadanos, se basan en el desconocimiento de las fuentes, cuya correcta publicación debería estar en manos de especialistas y mucho más presente en la política editorial de los organismos oficiales».

Vou insistir neste tema e amplialo á política arquivística.

Constitúe unha desgracia que a Administración central e as autonómicas, quizais sen conciencia, metan nun mesmo cesto a arte, a cultura, a documentación histórica, a documentación administrativa e moitas máis cousas vencelladas ó concepto Cultura fronte ó de Civilización. Temos moitas variantes, sen ter en conta a cualificación/catego-

ría administrativa. Aínda é peor nos programas de oposicións e plans de estudos. Vou salientar dúas circunstancias nas que se amosa o descoñecemento da materia polos políticos e, o que é máis grave, o grao de coñecemento/descoñecemento dos seus «conselleiros técnicos».

A primeira é o temario que teñen que memorizar os opositores ou concursantes a arquiteiros. O seu contido refírese a institucións políticas, económicas e administrativas do mundo contemporáneo —poucas veces ó moderno e aínda menos ó medieval— pode ser por non «escravellar» no pasado. Un adoece ó non ver materias técnicas que ensinen a lectura correcta, clasificación, inventariado e catalogación das fontes non impresas. Só, unha vez rematada a oposición ou o concurso, prográmanse uns cursiños semanais, quincenais ou mensuais nos que ciencias, «tan secundarias e doadas», como a Paleografía, a Diplomática e a Arquivística, lles son comunicadas ós que son xa «arquiteiros en prácticas ou titulares». Sen embargo abundan, van cheos de temas, cursiños e «diplomas» de Documentalismo para que sexan «serventes e obedientes» ós ordenadores e ós medios de difusión da información científica, avaliada polos especialistas en Bibliometría.

PAPEIS VELLAS

A realidade vén sendo moi outra, como o demostrou un feito que ocorreu hai poucos anos en Portugal. Un político de alto rango necesitou uns «papeis vellos» conservados nun arquivo e pediullos ó arquiteiro, quen llos enviou en fotocopia compulsada debidamente. Cando os recibiu nin el nin o seu avogado —tratábase dun asunto legal— sabían o que alí puña porque eran «papeis vellos». O resultado foi que unha das trouladas da «Revolução dos cravos», a eliminación da Paleografía das oposicións e arquiteiros e das carreiras de Historia e Filoloxía, fora rexeitada.

A segunda ten como referencia os plans de estudio, concretamente os daquelas facultades e escolas universitarias das que se nutren os arquiteiros. É necesario supor que a meirande parte dos novos arquiteiros-bibliotecarios de concellos, deputacións, organismos autonómicos e estatais están licenciados ou diplomados en Biblioteconomía e Documentación e teran aprendido como catalogar e clasificar un impreso de non importa que ciencia, un expediente administrativo ou histórico. Pois non. Estudian arquivística de xestión, documentalismo, aprenden a facer *abstracts* (¿coñecen a materia dos resumos que están a facer?), manexan ben eses dictadores chamados ordenadores e, menor medida, catalogan e

clasifican impresos contemporáneos do século XX. Tamen haberá que supor que os licenciados en Historia concorran a esas probas. Os seus plans de estudos estiveron faltos, nestes últimos anos —desde hai dous menos— de materias que lles permitiran catalogar e clasificar —cunha lectura previa— os fondos históricos bibliográficos e documentais anteriores á época contemporánea. Moitos responsables do ensino da Historia, abraiaados polos números máis que polas letras, pretenderon que os seus alumnos fixeran «investigación básica en...» (aquí poñede a idade que queirades) nos arquivos ou museos sen ter estudiado antes alomenos unha Paleografía de lectura.

¿ONDE IMOS?

Primeiro constatar a desdotación de persoal, despois da xubilación, dos arquivos históricos, e cando non hai máis remedio que haxa un responsable, e é dos de novo cuño, convértese en simple «gardador de vellos papeis». En troques o orzamento económico e persoal das bibliotecas medra porque ten maior eco nas estatísticas da Unesco. Logo, e como consecuencia, que as institución públicas e privadas non teñan inquietude para publicar eses «papeis vellos», testemuña dunhas formas de vida e do desenvolvemento e fixación escrita dun idioma. Se o balance é malo na área estatal, aínda é peor no das chamadas comunidades históricas nas que o sinal de identidade/diferenciación máis sobranceiro é o idioma. Non esquezamos que a normativa dunha lingua, incluída a toponimia, ten que ter en conta tanto a Sociolingüística como os documentos escritos, tanto públicos como privados (no sentido diplomático), moito máis estes pois reflecten —historicamente— mellor cás fontes literarias e cronísticas a lingua cotiá.

Cómpre dar dous exemplos no noso idioma. Sociolingüisticamente o advervio *agás*, imposto pola normativa, penso que non ten un apoio nos falantes e dubido moito que aparecese nos documentos. No dicionario de Crespo Pozo (gran aportación á lexicografía galega, aínda que con limitacións, en xuízo de Pensado Tomé) só se dá a cita literaria do *Merlín* de Cunqueiro. En troques, o topónimo comarcal *Ribeira Sagrada*, que lembra bos viños e vellas igrexas mosteirais, é unha *Roboira Sagrada*, unha carballeira misteriosa ou sagrada precristiá, como demonstra a heráldica do mosteiro de Montederramo.

Rematando xa. Temos que chegar a un acordo filólogos, paleógrafos e historiadores para que unha institución solvente faga súas unhas normas de transcripción diplomática como punto de referencia para todos, non só para uns cantos eruditos. E logo acrecentar e axilizar a publica-

ción de fontes escritas en galego, ata finais do século XV, por institucións públicas, fundacións e editoriais privadas.

Só deste xeito chegaremos a crear unha conciencia colectiva galega sen diferenciacións ideolóxicas.

JOSÉ IGNACIO FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES
Catedrático de Paleografía e Diplomática
da Universidade de Granada